

## Programas para a recuperación das materias pendentes

### Información inicial

Os alumnos e alumnas con Matemáticas pendentes serán citados nun recreo a principio de curso para recibir información sobre como poden superar a materia pendente e recibirán unhas follas explicativas nas que se recollerán os seguintes aspectos sobre a materia pendente: libro de texto (que será o mesmo que se utilizou o curso pasado), grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para a recuperación da materia (son os mesmos que se lle esixen ao alumnado matriculado nese nivel de xeito ordinario), procedemento de avaliación e cualificación, profesor ou profesora encargado do seguimento do plan de traballo e horario e lugar de atención ao alumnado afectado.

Os programas para a recuperación das materias pendentes desenvolveranse en dúas fases ou parciais: a primeira irá desde o comezo do curso ata mediados do mes de xaneiro; e a segunda, desde que remata a primeira ata mediados de maio.

### Procedemento de avaliación e cualificación

O Departamento elaborou un plan de recuperación das materias pendentes que consiste en:

- O alumnado realizará dúas Probas, nas que terá a posibilidade de recuperar a materia pendente.
- O alumnado tamén terá que entregar feitos os diversos Boletíns de exercicios que o departamento lle proporcionará.
- O departamento fixará diversas reunións co alumnado para resolver calquera tipo de cuestións ou dúbidas relacionadas coa materia a recuperar.

### SUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE

#### **Criterios de avaliación para os alumnos coas Matemáticas pendentes.**

1.- Será obrigatorio presentar debidamente realizados os boletíns de exercicios que o Departamento entregue ós alumnos coa materia pendente. Deberase entregar as fotocopias cos exercicios propostos e as súas solucións en boas condicións. Non se aceptarán rotos, dobrados,... Debe entregarse á primeira metade o día do primeiro exame e a segunda metade o día do segundo exame, como moi tarde. Na táboa que vén máis abaixo aparece un reparto aconsellable para a práctica dos exercicios.

2.- Non se aceptarán boletíns con preguntas sen resolver, sen a fotocopia das preguntas ou en mal estado. Todas as preguntas deberán contestarse en folios e non no propio boletín de exercicios. As dúbidas poderanse formular durante o prazo de realización.

3.- A materia de cada curso, dividirase en dúas partes. A superación da primeira será eliminatoria de materia para a segunda. No caso de suspender a primeira parte, poderá presentarse na segunda a unha proba na que entrará toda a materia e non se terá en conta a nota da primeira proba por non estar superada. O reparto por exames aparece na táboa que hai algo máis adiante.

4.- No caso de non entregar os exercicios nas datas que sinale o Departamento por causa inustificada que o Departamento valorará, os alumnos perderán o dereito de realizar os exames parciais.

5.- Os boletíns de exercicios copiados serán cualificados con cero puntos e os alumnos implicados perderán o dereito a realizar as probas parciais.

6.- Todos os alumnos coa materia pendente, terán dereito a presentarse a unha proba final en maio coa totalidade da

materia. A data desta proba comunicárase con tempo suficiente.

7.- Os exercicios puntuarán un 10% da nota e as probas un 90% (media aritmética delas de ter superada a primeira proba e nota da segunda en caso de non ter superada a primeira). No caso de presentarse exclusivamente á proba final, a nota será a do citado exame.

8.- No caso de que un alumno non se presente por calquera motivo inxustifico á proba parcial, deberá presentarse á final do mes de maio.

Para recuperar a materia pendente, o alumnado terá que ter como nota mínima un 5 despois e facer os cálculos anteriores.

### **CONSIDERACIÓN FINAL**

**Se algún/ha alumno/a o ser avaliado na avaliación ordinaria de xuño ou na avaliación extraordinaria de Setembro, non ten aprobada a materia pendente do ano anterior, non poderá ser avaliado positivamente da mesma materia do curso actual.**

#### **DATAS DAS PROBAS**

**o Xoves 21 de Xaneiro**

**o Xoves 6 de Maio**

O alumnado que non logre superar a materia pendente despois do proceso referido, terá oportunidade de facelo nun exame global extraordinario de setembro.

### **PRANTREXAMENTO EN CASO DE CONFINAMENTO**

Sería o mesmo só que entregando os boletíns realizados por correo electrónico, contestando as dúbidas e examinando por videoconferencia.

**REPARTO DA MATERIA ENTRE AS DÚAS PARTES E CON DATAS ACONSELLABLES PARA ESTUDAR E REALIZAR OS BOLETÍNS DE EXERCICIOS:**

<b>NIVEL A RECUPERAR</b>	<b>XANEIRO</b>	<b>MAIO*</b>
<b>1º ESO</b>	Números naturais (2ª quincena de outubro), potencias e raíces (1ª quincena de novembro), números enteiros (2ª quincena de novembro e a primeira semana de decembro), divisibilidade (ata o 22 de decembro) e repaso ata a data do exame.	Fraccións (febreiro), decimais (1ª quincena de marzo), SMD (2ª quincena de marzo). Repaso ata a data de exame.
<b>2º ESO</b>	Números naturais (2ª quincena de outubro). Potencias e raíces (1ª quincena de novembro) Números enteiros (2ª quincena de novembro e a primeira semana de decembro). Repaso ata a data de exame.	Fraccións (febreiro), Teorema de Pitágoras (1ª quincena de marzo), semellanza (2ª quincena de marzo), áreas no plano (abril). Repaso ata a data de exame.

\*Se non superou a parte de xaneiro, examínase de toda a materia en maio e debe entregar os boletíns de toda a materia para mellorar a súa puntuación final.

## Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da materia Matemáticas 1º ESO

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<b>Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas</b>	
B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MAB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).
	MAB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.
	MAB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución.
B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e conclusións obtidas nos procesos de investigación.	MAB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido, ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística).
B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de situacións problemáticas da realidade.	MAB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios.
	MAB1.6.3. Usa, <b>elabora</b> ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas.
	MAB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.
B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.	MAB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.
B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.	MAB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).
	MAB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso.
	MAB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.	MAB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.
B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas, e aprender diso para situacións similares futuras.	MAB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e apréndeo para situacións futuras similares.
B1.11. Empregar as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de forma autónoma, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.	MAB1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.
B1.12. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción.	MAB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios coa ferramenta tecnolóxica axeitada (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.) como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, e compárteos para a súa discusión ou difusión.
	MAB1.12.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora.
	MAB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.
<b>Bloque 2. Números e álgebra</b>	
B2.1. Utilizar números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, e porcentaxes sinxelas, as súas operacións e as súas propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información e resolver problemas relacionados coa vida diaria.	MAB2.1.1. Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízalos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.
	MAB2.1.2. Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.
	MAB2.1.3. Emprega axeitadamente os tipos de números e as súas operacións, para resolver problemas cotiáns contextualizados, representando e interpretando mediante medios tecnolóxicos, cando sexa necesario, os resultados obtidos.
B2.2. Coñecer e utilizar propiedades e novos significados dos números en contextos de paridade, divisibilidade e operacións elementais,	MAB2.2.1. Recoñece novos significados e propiedades dos números en contextos de resolución de problemas sobre paridade, divisibilidade e operacións elementais.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>mellorando así a comprensión do concepto e dos tipos de números.</p>	<p>MAB2.2.2. Aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 11 para descompoñer en factores primos números naturais, e emprégaos en exercicios, actividades e problemas contextualizados.</p>
	<p>MAB2.2.3. Identifica e calcula o máximo común divisor e o mínimo común múltiplo de dous ou máis números naturais mediante o algoritmo axeitado, e aplica problemas contextualizados.</p>
	<p>MAB2.2.4. Realiza cálculos nos que interveñen potencias de expoñente natural e aplica as regras básicas das operacións con potencias.</p>
	<p>MAB2.2.5. Calcula e interpreta adecuadamente o oposto e o valor absoluto dun número enteiro, comprendendo o seu significado e contextualizándoo en problemas da vida real.</p>
	<p>MAB2.2.6. Realiza operacións de redondeo e truncamento de números decimais, coñecendo o grao de aproximación, e aplica a casos concretos.</p>
	<p>MAB2.2.7. Realiza operacións de conversión entre números decimais e fraccionarios, acha fraccións equivalentes e simplifica fraccións, para aplicalo na resolución de problemas.</p>
<p>B2.3. Desenvolver, en casos sinxelos, a competencia no uso de operacións combinadas como síntese da secuencia de operacións aritméticas, aplicando correctamente a xerarquía das operacións ou estratexias de cálculo mental.</p>	<p>MAB2.3.1. Realiza operacións combinadas entre números enteiros, decimais e fraccionarios, con eficacia, mediante o cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou medios tecnolóxicos, utilizando a notación máis axeitada e respectando a xerarquía das operacións.</p>

## Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da materia Matemáticas 2º ESO

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<b>Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas</b>	
B1.1. Expresar verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.	MAB1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.
B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MAB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).
	MAB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.
	MAB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución.
B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e conclusións obtidas nos procesos de investigación.	MAB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido, ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística).
B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de situacións problemáticas da realidade.	MAB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios.
	MAB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.
B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.	MAB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.
B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.	MAB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).
	MAB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.
	MAB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso.
	MAB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.



Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.	MAB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.
B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas, e aprender diso para situacións similares futuras.	MAB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e apréndeo para situacións futuras similares.
B1.11. Empregar as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de forma autónoma, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.	MAB1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.
B1.12. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartindoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción.	MAB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios coa ferramenta tecnolóxica axeitada (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.) como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, e compárteos para a súa discusión ou difusión.
	MAB1.12.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora.
	MAB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.
<b>Bloque 2. Números e álgebra</b>	
B2.1. Utilizar números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, e porcentaxes sinxelas, as súas operacións e as súas propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información e resolver problemas relacionados coa vida diaria.	MAB2.1.1. Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízalos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.
	MAB2.1.2. Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquia das operacións.
	MAB2.1.3. Emprega axeitadamente os tipos de números e as súas operacións, para resolver problemas cotiáns contextualizados, representando e interpretando mediante medios tecnolóxicos, cando sexa necesario, os resultados obtidos.
B2.2. Coñecer e utilizar propiedades e novos significados dos números en contextos de paridade, divisibilidade e operacións elementais,	MAB2.2.1. Realiza cálculos nos que interveñen potencias de expoñente natural e aplica as regras básicas das operacións con potencias.



Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
mellorando así a comprensión do concepto e dos tipos de números.	MAB2.2.2. Realiza operacións de conversión entre números decimais e fraccionarios, acha fraccións equivalentes e simplifica fraccións, para aplicalo na resolución de problemas.
	MAB2.2.3. Utiliza a notación científica e valora o seu uso para simplificar cálculos e representar números moi grandes.
B2.3. Desenvolver, en casos sinxelos, a competencia no uso de operacións combinadas como síntese da secuencia de operacións aritméticas, aplicando correctamente a xerarquía das operacións ou estratexias de cálculo mental.	MAB2.3.1. Realiza operacións combinadas entre números enteiros, decimais e fraccionarios, con eficacia, mediante o cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou medios tecnolóxicos, utilizando a notación máis axeitada e respectando a xerarquía das operacións.
B2.4. Elixir a forma de cálculo apropiada (mental, escrita ou con calculadora), usando diferentes estratexias que permitan simplificar as operacións con números enteiros, fraccións, decimais e porcentaxes, e estimando a coherencia e a precisión dos resultados obtidos.	MAB2.4.1. Desenvolve estratexias de cálculo mental para realizar cálculos exactos ou aproximados, valorando a precisión esixida na operación ou no problema.
	MAB2.4.2. Realiza cálculos con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, decidindo a forma máis axeitada (mental, escrita ou con calculadora), coherente e precisa.
<b>Bloque 3. Xeometría</b>	
B3.1. B3.1. Recoñecer o significado aritmético do teorema de Pitágoras (cadrados de números e ternas pitagóricas) e o significado xeométrico (áreas de cadrados construídos sobre os lados), e empregalo para resolver problemas xeométricos.	MAB3.1.1. Comprende os significados aritmético e xeométrico do teorema de Pitágoras e utilízalos para a procura de ternas pitagóricas ou a comprobación do teorema, construíndo outros polígonos sobre os lados do triángulo rectángulo.
	MAB3.1.2. Aplica o teorema de Pitágoras para calcular lonxitudes descoñecidas na resolución de triángulos e áreas de polígonos regulares, en contextos xeométricos ou en contextos reais.
B3.2. Analizar e identificar figuras semellantes, calculando a escala ou razón de semellanza e a razón entre lonxitudes, áreas e volumes de corpos semellantes.	MAB3.2.1. Recoñece figuras semellantes e calcula a razón de semellanza e a razón de superficies e volumes de figuras semellantes.
	MAB3.2.2. Utiliza a escala para resolver problemas da vida cotiá sobre planos, mapas e outros contextos de semellanza.

DON/A \_\_\_\_\_, con  
D.N.I. \_\_\_\_\_, pai, nai ou titor legal do/a alumno/a Andrea Ferro  
Couto, de 3º Curso da E.S.O. con Matemáticas de 1º curso da ESO e Matemáticas de 2º  
curso da ESO pendentes **recibín seguinte a información:**

- Procedemento de avaliación e cualificación para os alumnos coas  
Matemáticas pendentes.
- Datas de exame.
- Datas de atención polo profesorado de Matemáticas: 2º recreo do 1º e 3º  
mércores de cada mes pola profesora Rosa Freiría.
- Datas de atención polo profesorado de Matemáticas: 1º recreo do 1º e 3º xoves  
de cada mes pola profesora Ana Mª López.
- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da materia que ten  
pendentes.
- Ademais cada alumna/a debe ter no seu poder uns boletíns de exercicios dos  
niveis dos que se vai examinar.

E para que conste, asina o presente recibín:

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020.

(Sinatura)